

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 20 DE XUÑO DE 2019 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DO 30/01/2019 QUE REGULA A XORNADA, O HORARIO DE TRABALLO, AS VACACIÓNS E A CONCESIÓN DE PERMISOS E LICENZAS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O punto 2.2 do apartado segundo sobre a xornada e os horarios de traballo, da Resolución do 30/01/2019 que regula a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, establece que:

*«2.2. Horario de verán, xornadas especiais e peches de centro*

*Do 1 de xuño ata o 30 de setembro, Semana Santa, luns e martes de Carnaval, e as datas de Nadal comprendidas entre o 24 de decembro e o 7 de xaneiro, a xornada de traballo quedará establecida, salvo indicación expresa da Xerencia da UDC, de luns a venres nestes horarios:*

- a) das 08.45 h ás 14.45 h na quenda de mañá (das 09.00 ás 14.00 h. se a xornada semanal é de 35 horas)*
- b) das 14.45 h ás 20.45 h na quenda de tarde (das 14.00 ás 19.00 h se a xornada semanal é de 35 horas)*
- c) No réxime de xornada partida, o horario de verán será das 08.45 h ás 14.45 h (das 09.00 ás 14.30 h se a xornada semanal é de 35 horas), agás casos excepcionais xustificados en que os centros ou servizos soliciten outro e a Xerencia o autorice.*

*Os horarios da semana grande serán comunicados pola Xerencia para os tres concellos implicados»*

Logo de publicar a referida resolución, recibíronse na Xerencia varias comunicacións de facultades e escolas en que manifestaban a súa preocupación polas consecuencias que o novo horario de verán tería na súa actividade académica e lectiva. Fundamentalmente, referíanse á data do inicio de cada novo curso académico en que as clases comezan ás 08.30 h. e poden rematar despois das 20.30 h.

Por estas razóns e, atendendo á prioridade da Universidade da Coruña que é a atención ao estudantado e, ao abeiro da previsión que figura na propia resolución: «...salvo indicación expresa da Xerencia da UDC...»

RESOLVO:

1º Modificar para o curso 2019-2020 o horario de verán do persoal dependente das

|                                      |   |               |                     |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| <b>Código Seguro De Verificación</b> | IgVwrlS9SerAZcGB1F3uNQ==  | <b>Estado</b> | <b>Data e hora</b>  |
| <b>Asinado Por</b>                   | Ramón Alberto del Valle López - Xerente   | Asinado       | 20/06/2019 21:19:42 |
| <b>Observacións</b>                  |   | <b>Páxina</b> | 1/2                 |
| <b>Url De Verificación</b>           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/IgVwrlS9SerAZcGB1F3uNQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/IgVwrlS9SerAZcGB1F3uNQ==</a> |               |                     |





conserxarías de cada unha das facultades e escolas da UDC, de tal xeito que, desde o luns, 09/09/2019, terán o horario ordinario establecido no apartado 2.1 da Resolución do 30/01/2019; é dicir:

De luns a venres:

- a) das 07.45 h ás 15.15 h na quenda de mañá
- b) das 14.30 h ás 22.00 h na quenda de tarde

2º O persoal incluído no ámbito de aplicación desta resolución disporá de tres días de permiso por asuntos particulares sen xustificación regulados no apartado A.12 da Resolución do 30/01/2019 e no artigo 118 da Lei de emprego público de Galicia.

3º A presente resolución é aplicable só para o curso académico 2019-2020. Para os vindeiros cursos académicos negociarase coa representación do persoal unha revisión da Resolución do 30/01/2019.

|                                      |   |               |                     |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| <b>Código Seguro De Verificación</b> | IgVwrlS9SerAZcGB1F3uNQ==  | <b>Estado</b> | <b>Data e hora</b>  |
| <b>Asinado Por</b>                   | Ramón Alberto del Valle López - Xerente   | Asinado       | 20/06/2019 21:19:42 |
| <b>Observacións</b>                  |   | <b>Páxina</b> | 2/2                 |
| <b>Url De Verificación</b>           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/IgVwrlS9SerAZcGB1F3uNQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/IgVwrlS9SerAZcGB1F3uNQ==</a> |               |                     |

